

Plácido Álvarez Dobaño na súa condición de voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Ourense, con base no previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de bases reguladora do réxime local e o Regulamento da Corporación, presenta **MOCIÓN PARA ELABORAR O PLAN DE TURISMO CULTURAL E CREATIVO DA PROVINCIA DE OURENSE** para o seu debate en pleno, de acordo á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ourense é unha provincia cun potencial cultural e turístico innegable. Riqueza paisaxística, etnográfica, arquitectónica, termal, patrimonial, gastronómica..fan desta terra- e das súas xentes traballadoras, emigrantes e creativas- un espazo que aspira a converter esta realidade nun eixo de desenvolvemento económico e social para o noso territorio. Esta idea formou parte xa do Plan de mandato Ourense 92 e constitúe unha das fortalezas do actual Plan Ourense 15-19.

No debate sobre o estado da provincia, celebrado no mes de novembro de 2016, xa falou o Presidente da vontade de poñer en marcha a elaboración dun plan que estableza obxectivos e prioridades en relación á coñecida tecnicamente como “economía laranxa”, é dicir toda aquela que teña a súa base nas industrias culturais e creativas. Sobra lembrar que esta Deputación organiza, dende 2015, a semana das industrias culturais e creativas -a Ourense ICCWeek- que configura o territorio provincial no espazo onde teñen cabida as vangardas creativas de diversas disciplinas e sede de debate e posta en valor da innovación e do coñecemento.

En virtude ao exposto, sometemos ao Pleno da Deputación os seguintes

ACORDOS:

- 1- Elaborar un Plan de Turismo Cultural e Creativo da Provincia de Ourense .
- 2- Poñer en valor os dez puntos da provincia de excepcional valor turístico.
- 3- Elaborar un plan de emprego que oferte unha atención especial a visitantes para eses dez puntos concretos, tendo en conta aos titulados da facultade de empresariais e turismo do campus de Ourense.

Ourense, 10 de febreiro de 2017

Plácido Álvarez Dobaño

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-